



Instituto de Educación Secundaria
O MOSTEIRÓN

CIRCULAR SERVIZOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS CURSO 2016/17

Todos os alumnos que desexen ter praza de comedor e transporte para o próximo curso deben entregar, os datos que se solicitan xunto coa autodeclaración antes do próximo 15 de xullo.

Segundo o decreto 132/2013, do 1 de agosto, que regula os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios, e a instrucción 1/2016 da Consellería de Educación, informámoslle do seguinte:

Os alumnos da área de influencia si queren facer uso do comedor escolar deberán entregar totalmente cuberto o modelo de autodeclaración sobre as rendas, para ter en conta as bonificacións que lles correspondan.

Deben estar **cubertos con todos os datos da autodeclaración: Nome e apelidos completos de todos os membros da unidade familiar, DNI, data de nacemento.** Deberán **marcar a casaña** que lles corresponda de aboamento por día de servizo. **Asinar todos os membros da unidade familiar maiores de idade.** No caso de non ter cubertos os datos relevantes (nomes dos obrigados tributarios, DNI, datas de nacemento, ou casaña do tramo que lle corresponda e sinaturas) terá un prazo de 15 días para subsanalos. En caso **de non facelo, de oficio, será encadrado no tramo de pagamento de 4,50€ por día de servizo.**

Para facilitar o cálculo da renda per cápita da unidade familiar e do número de menores en idade escolar, dispón do link seguinte: <http://www.edu.xunta.es/comedores/calculadora.jsp>

Toda esta documentación se enviará á Consellería para que fagan as comprobacións sobre os datos que rexistren as autodeclaracións. Si se detectan erros nos datos da renda autodeclarados, a Consellería xirará liquidacións aos obrigados, nas que se efectuarán correccións dos importes a aboar.

As Contías dos prezos

As que se indican no **ANEXO II MODELO DE AUTODECLARACIÓN**, segundo a renda de cada unidade familiar.

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar, segundo as instrucións que se achegan co Anexo II.

Usuarios gratuítos do servizo:

-Os alumnos pertencentes a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000€. (Deben entregar o Anexo II, con todos os datos relevantes cubertos)

-Os alumnos pertencentes a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social **certificada polos servizos sociais.**

-Os alumnos que se atopen en situación de acollemento residencial ou familiar **acreditado documentalmente.**

-Os alumnos cun grado de discapacidade igual ou superior ao 33% **acreditada co certificado**

-Os alumnos pertencentes a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero **acreditada documentalmente.**



Instituto de Educación Secundaria O MOSTEIRÓN

Pagamento dos prezos públicos:

O pagamento poderase facer das seguintes maneiras:

- Ingreso en calquera das entidades autorizadas pola Consellería de Facenda.
- Pagamento a través do espazo Abalar.
- Pagamento a través da oficina virtual tributaria.

Se pagará entre o **1 e o 20 do mes seguinte** ao da prestación do servizo, e **debe entregar neste prazo o xustificante de “pagamento para a administración” no Centro**, agás os que o fagan a través do espazo abalar..

Motivos para baixa ou perda da praza no comedor escolar:

A falta de aboamento total ou parcial do importe do servizo por parte dos usuarios será causa de perda de praza no comedor por acordó do Consello Escolar do Centro.

Os usuarios que durante un mes de xeito continuado non fagan uso do servizo coa frecuencia solicitada, causarán automaticamente baixa no servizo, agás causa debidamente xustificada.

Os incumprimentos no pagamento dos prezos públicos de cada mes impedirán a utilización ao mes seguinte do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización, para a cal contarase cun prazo máximo de 2 meses.

Os usuarios deberán comunicarlle obrigatoriamente aos centros de ensino os días que non vaian facer uso do comedor antes das 9:45h de cada día se queren que eses días non sexan tidos en consideración nos pagamentos. Deben comunicálo por escrito.

Os usuarios de comedor que en tres ocasións non comuniquen a súa ausencia antes das 9:45h do día que deba ter efecto, poderán ser suspendidos pola Dirección do dereito ao uso do servizo durante 10 días.

Todos os alumnos que **non queiran facer uso do comedor escolar deberán vir a recollelos ao remate da actividade lectiva 14,10h. todos os días**, xa que non temos transporte escolar nese horario.

O menú escolar será único para todos os usuarios do comedor escolar, agás nos casos de alumnos que padezan calquera tipo de **intolerancia ou alerxia alimentaria, xustificada mediante certificado médico**. Nestes casos, o consello escolar de cada centro autorizará que se sirvan menús adaptados ás súas necesidades, ou se é o caso, que lles faciliten os medios necesarios para a conservación e consumo de menús proporcionados polas familias.

Lexislación aplicable, que regula os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en Educación. (dispoñible na **páxina Web do IES “O Mosteirón”**):

- Decreto 132/2013, do 1 de agosto, publicado no DOG de 13/08/13.
- Orde de 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar en centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e O. U.
- Instrucción 1/2016, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería, de 30 de maio, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2016/17.

A Directora,

Asdo.: Natalia M. Seguí Mosquera



**Instituto de Educación Secundaria
O MOSTEIRÓN**

SOLICITUDE DE SERVIZOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS CURSO 2016/17

Apelidos e nome do alumno

Enderezo: rúa

Localidade: **Tlf.** **Curso**

O alumnado que solicite e obteña praza nun centro escolar distinto ao que lle corresponda segundo a distribución das áreas de influencia delimitadas polas xefaturas territoriais, non terá dereito a ningún dos servizos complementarios establecidos pola Consellería. (Art. 6 da Orde do 12 de marzo de 2013 – D.O.G. do 15/03/2013)

TRANSPORTE ESCOLAR – ¿O alumno é usuario do Transporte Escolar?

Non

Si Nome da parada

COMEDOR ESCOLAR -¿O alumno é usuario do Comedor Escolar?

Non

Si Tódolos días

Algúns (indicar cales)

Pagamento do comedor escolar – Indicar a opción elexida un X

Gratuíto por situación socioeconómica (Certificado dos Servizos sociais da Xunta ou concello)

Gratuíto por situación de acollemento residencial ou familiar (achegar documentación)

Gratuíto por discapacidade igual ou superior ao 33 % do alumno (achegar certificado)

Gratuíto por vítimas de terrorismo ou violencia de xénero (achegar documentación)

Gratuíto por renda familiar (achegar autodeclaración)

Abono por renda familiar: 1,00 € / 2,50 € (achegar autodeclaración)

Abono do 100%: 4,50 € (por ingresos / por residir fóra da área de influencia)

Data e sinatura do pai/nai – titor/a

Se o alumno padece algunha alerxia ou intolerancia alimenticia deberá acreditarlo con certificado médico, para poder facilitar un menú axeitado, segundo aprobación do Consello Escolar.



Instituto de Educación Secundaria O MOSTEIRÓN

Instrucións para cubrir o ANEXO II MODELO DE AUTODECLARACIÓN, en canto a renda Familiar e membros da unidade Familiar

A renda neta per cápita familiar obtérase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da renda do exercicio 2015:

1. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro.
2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

Segundo isto, a renda familiar para os efectos da autodeclaración é o resultado da facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF:

casiña 380 + casiña 395 – casiña 532

O resultado obtido dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar. O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do IRPF.

Se solicitado o borrador á AEAT esta unicamente comunica os datos fiscais, e polo tanto non o remite, para determinar a renda dos membros computables que obteñan ingresos propios seguirase o procedemento descrito no punto primeiro e do resultado obtido restaranse os pagamentos á conta efectuados.

Aclaracións para determinar correctamente a renda anual familiar

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar. Nesta operación poden presentarse varias situacións:

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes, ou calquera outro integrante dela, perciben rendas e teñen a obriga de presentar a declaración anual do IRPF. Neste caso, o importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente -que é o habitual- ou ben, da declaración conxunta.

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar a declaración. Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, para o membro da unidade que presentase declaración do IRPF máis o importe que resulte, para o outro integrante da unidade familiar, dos datos do borrador do IRPF, agás os datos que figuren na casiña 532 correspondente á cota resultante da autoliquidación, dado que o contribuínte non presentou a Declaración polo IRPF. No caso de que un dos membros en vez de borrador dispoña dun certificado de imputación de rentas, para realizar o cálculo dos seus ingresos deberá sumar os rendementos integros e restar os gastos deducibles e as retencións ou pagamentos a conta efectuados.

- Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non teñan obriga de presentar declaración da renda ou ben cando o cónxuxe ou os cónxuxes non perciban renda ningunha suxeita a tributación no IRPF. Neste supostos, os interesados deberán consignar os datos do borrador do IRPF ou no seu caso os datos que figuren no certificado de imputación de rendas do mesmo xeito que no especificado no apartado anterior.



**Instituto de Educación Secundaria
O MOSTEIRÓN**

ALUMNO:

ANEXO II MODELO DE AUTODECLARACIÓN E ESPECIFICACIÓN

A) RENDA NETA IRPF 2015:

casiña 380 + casiña 395 - casiña 532 = X

B) MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR INCLUIDO/S O/S ALUMNO/S PARA O/S CAL /ES SOLICITA
COMEDOR: número de membros = Y

PARENTESCO	DNI	APELIDOS	NOME	DATA NACEMENTO
DECLARANTE				
CÓNXUXE				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				

C) A RENDA NETA PER CÁPITA FAMILIAR = X/Y

D) AUTODECLARACIÓN

- **Marque a casiña seguinte**

Aboamento de 0 € por día de servizo

se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor en idade escolar	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €
Unidades familiares con dous menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €
Unidades familiares con tres ou máis menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €

- **Marque a casiña seguinte**

Aboamento de 1 € por día de servizo

se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación



**Instituto de Educación Secundaria
O MOSTEIRÓN**

Unidades familiares cun único menor en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con dous menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con tres ou máis menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 €

• **Marque a casíña seguinte**

Aboamento de 2,50 € por día de servizo	<input type="checkbox"/>
---	--------------------------

se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €
Unidades familiares con dous menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €

• **Marque a casíña seguinte**

Aboamento de 4,50 € por día de servizo	<input type="checkbox"/>
---	--------------------------

se súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor en idade escolar	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €
Unidades familiares con dous menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €

Declaramos baixo xuramento ser certos os datos consignados e autorizamos á Consellería a consultar os datos de carácter persoal, de residencia e de renda que se precisen, a través da Plataforma de Intermediación de Datos e da Axencia Estatal de Administración Tributaria da Administración Xeral do Estado.

.....,de.....de 2016

Sinatura do Declarante:

Sinatura do Cónxuxe:

Sinatura dos fillos maiores de idade: